

## BASES ORGANIZATIVAS

### “III Andaina Solidaria en favor do pobo saharauí. Vacacións en Paz 2024”

#### Artigo 1.

“Solidaridade Galega co Pobo Saharauí”, SOGAPS, coa colaboración do Concello de Rianxo, organiza a **“III Andaina Solidaria en favor do pobo saharauí. Vacacións en Paz 2024”**, o sábado 3 de agosto de 2024.

A proba organízase a beneficio de SOGAPS, que recibirá o 100% do recadado a través das inscricións.

#### Artigo 2.

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sen distinción de idade ou sexo sempre que se inscriban axeitadamente. As persoas participantes menores de idade deberán cumprimentar unha autorización paterna, materna ou do/a titor/a legal para poder participar. Esta autorización deberá presentarse no momento da recollida do dorsal. No caso de non presentar dita autorización, non será posible a participación na proba, non sendo reembolsable o importe da mesma.

#### Artigo 3. Categorías

Establécese unha única categoría integrada pola totalidade dos participantes.

#### Artigo 4. Distancias e horarios

A **“III Andaina Solidaria en favor do pobo saharauí. Vacacións en Paz 2024”**, conta con un percorrido circular, con saída e chegada no mesmo punto. Así, é posible facer un percorrido de 5 km. e outro de 12 km. aproximadamente, en función da condición física de cada participante.

O comezo da andaina será ás 10:00 horas do sábado 3 de agosto de 2024.

#### Artigo 5. Lugar de saída e percorrido

##### Saída e chegada

Praza Castelao

Establécense 2 percorridos na contorna do paseo marítimo, senda litoral de Taragoña, Río Té e Capela de San Pedro.

- 1 Percorrido verde: 5 km.
- 2 Percorrido vermello: 12 km.

A saída do evento realizarase a partir das 10:00 horas.

## Artigo 6. Inscripcións

### Prazo de inscrición

Ata o mércores 31 de xullo de 2024 ás 24:00 h.

### Inscrición

En liña:

- [emesports.es](https://emesports.es)

Presencial:

- Servizo de Deportes. Edif. Cuartel Vello. Praza Castelao, 9. 15920 Rianxo.
- Na Praza Castelao ata 15 minutos antes do inicio da proba.

### Prezo

Andaina: establécese o prezo en función das idades dos participantes:

- 0 a 3 anos: gratuíto.
- 4 a 17 anos: 5 €.
- 18 en adiante: 8 €.

**É obrigatorio inscribirse e retirar o dorsal para participar na andaina.**

### Fila Cero

Doazón da cantidade desexada a través da pasarela de pago ata o mércores 31 de xullo de 2024 ás 24:00 h., ou na Praza Castelao o día de celebración do evento.

**Límite de prazas:** haberá un límite de 750 inscricións.

## **Artigo 7. Retirada de dorsais**

Na Praza de Castelao o mesmo día da proba, a partir das 9:00 e ata o inicio da mesma.

## **Artigo 8. Agasallos**

### **Agasallos**

Camiseta conmemorativa para as primeiras 250 persoas participantes que formalicen a inscrición en emesports.

## **Artigo 9. Servizos**

### **Aparcadoiros**

Aparcadoiro Público Municipal (gratuíto), arredores do pavillón polideportivo e nas inmediacións da zona portuaria.

## **Artigo 10. Outras consideracións**

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil subscrito por SOGAPS e un seguro de accidentes coas coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993, subscrito polo Concello de Rianxo.

A proba conta cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico.

A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender o evento se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

No caso de que para o día da celebración do evento se decrete unha alerta laranxa o evento será suspendido automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.

As persoas que durante o transcurso da andaina circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización e/ou monitores da andaina, considéranse a todos os efectos usuarias normais da vía.

Toda persoa que participe sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar dos obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros do evento.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou

materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen as participantes no evento.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización, e non está permitido o acompañamento das persoas participantes mediante o uso de vehículos de apoio.

As persoas participantes autorizan á organización (SOGAPS), aos colaboradores (Concello de Rianxo) e aos patrocinadores do evento, a empregar calquera tipo de imaxe ou gravación con fins de difusión, promoción e explotación para todo o mundo mediante calquera dispositivo (internet, publicidade impresa, etc.) sen límite temporal.